

8. LIGA 1ª DIVISIÓN JÚNIOR MASCULINO

8.1. EQUIPOS PARTICIPANTES

Participarán os seguintes equipos:

- 8 equipos que conformaban a Liga FGB Júnior Masculina na temporada anterior e non descendieron.
- Os 2 equipos ascendidos da 2ª División Júnior Masculina da temporada anterior.
- Os equipos clasificados da Fase Clasificatoria da temporada 2016-17.

8.2. COMPETICIÓN JÚNIOR

A competición dividirse nas seguintes Fases: Liga Júnior de 1ª División, Copa Galicia, Final a 4 e Fase Clasificatoria

8.3. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS

28 de xullo ás 13.00 h.

Fase Clasificatoria: 28 Xullo ás 13.00 hrs.

Todos os equipos que se inscriban nesta categoría, deberán ter inscrito ou vinculado un equipo Cadete Masculino.

8.4. XOGADORES

A data límite para dar de alta xogadores nesta categoría será a do 28 de febreiro do 2017. Excepcionalmente, permitirase que como máximo tres xogadores pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poida ser aliñados tanto na liga como na copa.

Nesta categoría permitirase un máximo de 12 xogadores e un mínimo de 8.

8.5. ARBITRAXES

As arbitaxes serán AUTONÓMICAS.

8.6. LIGA PRIMEIRA DIVISIÓN JÚNIOR MASCULINA

Os 12 equipos xogarán nun grupo único por sistema de liga a dobre volta todos contra todos (22 xornadas).

O equipo clasificado en primeiro posto da competición unha vez rematada a liga obterá unha praza para a Fase Final do Campionato de España da categoría e será o Considerado o Campión Galego da categoría

8.7. FINAL A 4

Os equipos clasificados nos postos 2º ó 5º disputarán a “Final a 4”.

FORMA DE XOGO

Os catro equipos clasificados xogarán en réxime de concentración dun día a xornada, no formato seguinte:

Pola mañá:

2º posto - 5º posto (X)

3º posto - 4º posto (Y)

Pola tarde:

Gañador X – Gañador Y (2º-3º posto)

Esta Fase dará acceso as seguintes prazas que asigne a FEB a Federación Galega de Baloncesto para o Campionato de España da categoría. A clasificación do 4º posto en adiante farase segundo a clasificación de Liga Regular.

Para designar a sede desta Fase a 4, a FGB a través do seu Comité de Actividades emitirá unha circular para a organización da mesma.

8.8. ASCENSOS E DESCENSOS

Ascenderán a 1ª División Júnior Masculina os equipos reflectidos nas Normas de Competición da 2ª División Júnior e os dous primeiros clasificados da Fase Clasificatoria na temporada 2016-17.

Os equipos clasificados nos postos 9º ao 12º, descenderán á Liga Júnior da 2ª División.

Participarán na Fase Final do Campionato de España os equipos que recolla a normativa establecida para esta competición pola Federación Española de Baloncesto.

DATAS DE SORTEO E XOGO

Datas de Sorteo:

Sorteo: 10 Outubro ás 18:00 horas, na sede central da FGB.

F. Final: 24 Abril ás 18.00 hrs. na sede central da FGB.

Datas de xogo:

Outubro: 16, 23
 Novembro: 6, 13, 20 e 27.
 Decembro: 11 e 18
 Xaneiro: 15, 22, 29.
 Febreiro: 5, 12, 19 e 26
 Marzo: 5, 12, 19, 26.
 Abril: 2, 9, 23
 F. Final: 30 Abril

8.9. HORARIO DE XOGO

Os encontros terán que disputarse nos seguintes horarios:

Sábado: 10.00, 12.00 16.00, 18.00 e 20.00 horas e domingos: 10.00 e 12.00 horas e 17.00 h. e 19:00 h.

Sempre que o equipo local fixe como horario de xogo ás 10.00 h, ou o domingo ás 19.00 hrs., e o equipo visitante así o requira terá que fixarse como horario de xogo ás 12.00 h ou as 16.00 h, 18.00 h ou 20.00 hrs. se é sábado e as 12.00 h ou as 17.00 hrs se o encontro se disputa en domingo, sempre que o equipo que se despraza o fai dende máis de 100 km. por traxecto”.

Recomendacións:

Recoméndase aos clubs participantes que, no posible, designen como horario de xogo os domingos pola tarde, o que evitaría problemas arbitrerais e moitas coincidencias cos equipos sénior e cadetes.

Modificacións de data, campo e horario:

<u>Obxecto Modificación</u>	<u>Prazo Recepción</u>	<u>Conformidade</u>	<u>Cota</u>
Data	Antes 1 mes	Si	00,00
Campo	Antes 1 mes	No	00,00
Hora	Antes 1 mes	Non	00,00
Data	Antes 15 días	Si	00,00
Campo	Antes 15 días	Non	00,00
Hora	Antes 15 días	Si	00,00
Data	Antes 9 días	Si	45,00
Campo	Antes 9 días	Si	45,00
Hora	Antes 9 días	Si	45,00

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB o día da petición, a cota de 75,00 euros e a conformidade do equipo contrario.

8.10. TERREO DE XOGO

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo oficial, cuberto e pechado, o cal non poderá variar en toda a temporada. Neste terreo de xogo disputaranse os seus encontros e deberá estar catalogado como NIVEL 1 dentro da Normativa de Terreos de Xogo. Non se admitirán en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar.

Nos encontros que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión dese encontro por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá realizarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo.

Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada para casos de inclemencia atmosférica, deberá celebrarse o encontro dentro do prazo sinalado anteriormente e nunha pista cualificada co mesmo Nivel. Si finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá o mesmo, sen descontarlle puntos na clasificación e sen que se considerase incomparecencia.

A FGB recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, empreguen nestes canastras de pé, así como que teñan reposto de taboleiros para o caso de rotura accidental.

Os clubs deberán cumprir as prescricións previstas pola lexislación vixente no referente á prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos e serán os responsables da seguridade de xogadores/as e árbitros no que respecta ás instalacións deportivas, poñendo os medios necesarios para evitar accidentes extradeportivos no transcurso da actividade.

8.11. BALÓN OFICIAL DE XOGO

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca MOLTEN Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

8.12. OBRIGAS ESPECÍFICAS

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso:

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebArbitro/index.aspx>

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebClub/>

8.13. COPA GALICIA

A Federación Galega de Baloncesto organizará a Copa Galicia de 1ª División Júnior Masculina, tendo en conta as seguintes premisas:

EQUIPOS PARTICIPANTES

A disputarán os 10 equipos inscritos na Liga de 1ª División Júnior Masculina.

FORMA DE XOGO

Dividiranse os 10 equipos en 2 grupos de cinco equipos cada un, distribuíndoos por sorteo.

Cada grupo xogará por sistema de liga a unha volta (5 xornadas). Os dous primeiros clasificados de cada un dos grupos clasificaranse para disputar a Fase Final.

Estes catro equipos disputarán en réxime de concentración, nun día, a Fase Final. Disputaranse as semifinais pola mañá e a final e 3º e 4º posto pola tarde. As semifinais serán sorteadas na sede central da FGB.

DATAS DO SORTEO E XOGO

Data de sorteo: 24 de agosto ás 18.00 h. nos locais da FGB en Santiago.

Datas de xogo:

Setembro: 4, 11, 18, 25,

Outubro: 2

Fase Final: 9 Outubro

8.14. FASE CLASIFICATORIA

Participarán todos os equipos que se inscriban antes do 28 de xullo ás 13.00 hrs. No caso de que houbera equipos con dereito a praza na 1ª División e non se inscribirán no prazo regulamentario estas prazas engadirán as primitivamente asignadas a Fase Clasificatoria.

Excepcionalmente, permitirase que como máximo tres xogadores pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poida ser aliñados tanto na liga como na copa.

O Comité de Actividades, en base as inscricións recibidas deseñará un sistema de competición no que se clasificarán dous equipos para disputar a Liga de 1ª División Júnior Masculina.

DATAS DO SORTEO E XOGO.

Data de sorteo: 24 Agosto ás 17.00 hrs.

Datas de xogo (poderanse fixar como dobres xornadas)

Setembro: 11, 18, 25

Outubro: 2, 9.

Os equipos inscritos para esta fase poderán renunciar a xogala con 48 horas de antelación a data do sorteo. Caso de facelo posteriormente a esta data a súa renuncia será comunicada o Comité Disciplinario competente.